



## CONVOCATORIA DO CURSO 2021/2022 PARA NOVO ALUMNADO

Do 21 de xuño ao 6 de setembro é o prazo establecido para a realización da preinscrición para aquelas persoas que queiran optar a praza na Escola Municipal de Música de Vigo, enchendo o impreso de preinscrición establecido para o efecto a través da páxina web [www.emmavigo.org](http://www.emmavigo.org)

Soamente se poderá facer unha única inscrición por persoa e é imprescindible estar empadroadado en Vigo.

Unha vez finalizado o prazo establecido, publicarase o listaxe provisional das preinscricións o 13 de setembro.

**A pandemia xerada polo COVID-19, poderían modificar as características desta convocatoria (datas, número de prazas ofertadas, admisión de novo alumnado, modalidade presencial e online,...)**

### **PRAZAS QUE SON MEDIANTE SORTEO:**

A data exacta do sorteo, para aquelas prazas que son mediante sorteo, será o día 16 de setembro ás 12.00h. Publicarase o resultado o día 17 de setembro no taboleiro e na páxina web da Escola de Música [www.esmuvigo.es](http://www.esmuvigo.es).

#### Desenrolo do sorteo:

Cada persoa inscrita para as prazas que son mediante sorteo se lle asigna un número. Cada número pasará a un bombo virtual. Os números serán correlativos, empezando co número 1, e se asocian ás persoas seguindo a data de inscrición, é dicir, á primeira persoa inscrita terá asociado o número 1, e a última inscrita terá asociado o derradeiro número da serie.

A listaxe da relación de persoas e números asociados farase público o mesmo día do do sorteo.

Unha vez estean publicadas todas as listaxes de relación de números e persoas, procederase ao sorteo.

Para a obtención de cada número do sorteo utilízase a función `mt_rand()` de PHP. Esta función utiliza o algoritmo Mersenne Twister, un xerador de números desenvolvido en 1997 por Makoto Matsumoto y Takuji Nishimura, reputado pola súa calidade. A medida que vaian saíndo números do bombo virtual, retíranse do bombo, ata que non quede ningún. A orde segundo saia os números será a utilizada, tanto nos admitidos como nas listaxes de agarda.

## **PRAZAS QUE SON MEDIANTE PROBA:**

As prazas que son mediante proba terán lugar na Escola Municipal de Música entre os días 16 ao 20 de setembro.

Os tribunais para as probas, así como a hora e día específico para cada especialidade, serán expostos o día 14 de setembro no taboleiro de anuncios e na páxina web da escola.

O resultado das probas publicárase no taboleiro da Escola de Música o día 22 de setembro.

## **PROCESO DA PROBA A CURSOS DIFERENTES A 1º E AGRUPACIÓN:**

As probas para todos os instrumentos constarán de:

1. Interpretación, no instrumento da especialidade á que opte, de tres obras pertencentes a diferentes estilos, das cales, como mínimo, una deberá interpretarse de memoria. Valorarase a interpretación de memoria das dúas restantes.
2. Lectura a 1ª vista dunha melodía sinxela.

En función da dispoñibilidade de prazas será o tribunal quen decida asignar o curso e/ou grupo aos aspirantes que superaron as probas

## **PROCESO DA PROBA DE MÚSICA MODERNA:**

As probas constarán de:

1. Interpretación, no instrumento da especialidade á que opte, de dúas pezas de diferente estilo.
2. Lectura a 1ª vista dunha melodía sinxela.
3. Interpretación a 1ª vista dunha secuencia de acordes(cifrado americano).

En función da dispoñibilidade de prazas será o tribunal quen decida en asignar o curso e grupo aos aspirantes que superaron as probas.

## **PROCESO DE MATRICULACIÓN**

O proceso de matrícula será dende o 23 ao 30 de setembro, de 10.00h a 14.00h na secretaría da escola.

Pasado o período de matrícula, todo aquel que non formalizase a súa matrícula perderá todos os seus dereitos como agraciado no sorteo.

Para a reserva da matrícula será imprescindible:

- 1 fotografía
- Volante de empadramento
- Datos bancarios
- Cota de 6€ (excepto alumnado de música e movemento) para o correspondente pago da licenza reprográfica

Unha vez feita a reserva quedará formalizada con:

- Copia do pagamento da matrícula que non será reembolsable si despois o alumn@ se dera de baixa.
- Todos os novos alumnos que soliciten a exención de taxas, deberán presentalas no Rexistro xeral do Concello, achegando copia da realización deste trámite no momento de facer a matrícula (23 ao 30 de setembro). De non ser así, se emitirán os recibos de matrícula e mensuralidade.  
O impreso de exención de taxas pódese descargar na páxina web da escola.